

e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante Orde do 2-6-2009 acordaron, de conformidade co disposto no artigo 85.5º b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Laxe, instando á introdución das modificacións necesarias para corrixir as deficiencias que nela se establecían e á aprobación de novo polo concello.

I.2. O Concello de Laxe adoptou o acordo de aprobación provisional do PXOM o día 24-7-2009, tras a emisión de informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais con data 21-7-2009.

I.3. Con data do 10-8-2009 ten entrada nesta consellería a nova documentación relativa ao Plan Xeral de Laxe, en solicitude de resolución sobre a súa aprobación definitiva.

## II. Informe.

Visto o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal agora remitido polo Concello de Laxe e examinado o seu propio contido e as modificacións introducidas respecto do que foi obxecto da anterior orde da CMATI do 2 de xuño pasado.

Vista a proposta elevada o 26 de outubro pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Pode considerarse que, en xeral, o PXOM dá cumprimento ás observacións formuladas no corpo da orde desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 2-6-2009, agás no relativo á categorización como solo urbano consolidado dos terreos situados ao norte da rúa Cesáreo Pondal, ao sueste da rúa Atalaia e ao oeste do solo urbanizable D-1, sen que conste acreditada a concorrencia dos requisitos legalmente exixidos ao respecto. Resulta, pola contra, incurso ese ámbito nas circunstancias determinadas no artigo 12 b) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a súa cualificación como solo urbano non consolidado.

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e artigo 3 do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

## III. Resolución.

Con base en todo o anteriormente exposto

### RESOLVO:

Primeiro.-Outorgar a aprobación definitiva parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Laxe (A Coruña) de acordo co número 5º a) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación

urbanística e protección do medio rural de Galicia, que deixa en suspenso o seguinte:

O ámbito delimitado ao norte pola rúa Cesáreo Pondal, ao sueste pola rúa Atalaia e ao oeste polo solo urbanizable D-1, nos termos sinalados no corpo desta orde.

Segundo.-O concello deberá emendar as deficiencias sinaladas na epígrafe II anterior, elaborar un novo documento coas correccións indicadas e, logo da súa aprobación polo Pleno da Corporación, elevalo ante esta consellería para a súa aprobación definitiva.

Terceiro.-De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente.

Cuarto.-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 5 de novembro de 2009 pola que se convocan cinco cursos para persoal directivo de centros xerontolóxicos e de discapacidade.*

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, correspóndenlle entre as súas funcións as de ordenación, coordinación, planificación e execución

dos plans, equipamentos e servizos de atención especializada nas áreas de maiores e persoas con discapacidade, así como o desenvolvemento daquelas actuacións que redunden nun mellor funcionamento destes equipamentos.

Por iso, é de interese desta consellería o desenvolvemento de iniciativas que, como as accións formativas, favorezan e promovan unha mellora cualitativa na xestión dos centros integrados na rede pública galega de centros xerontolóxicos e de discapacidade, nos cales se inclúen tanto os centros de titularidade da Xunta de Galicia como os concertados ou convenidos coa Administración autonómica.

Como consecuencia, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria de cinco cursos de dirección de centros de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade.

#### Artigo 2º.-*Obxectivos.*

-Formar o persoal con responsabilidade na dirección e na xestión dos centros de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade da rede pública galega.

-Adquisición e mellora de habilidades nas diferentes áreas que incidan na xestión integral dun centro destas características.

-Presentar e coñecer as ferramentas máis habituais que se empregan en cada área de xestión.

#### Artigo 3º.-*Persoal a que vai dirixido.*

Persoal directivo ou responsables dos centros residenciais e de atención diúrna destinados a persoas maiores e a persoas con discapacidade, tanto de titularidade da Xunta de Galicia como os que teñan concerto ou convenio con esta Administración autonómica.

#### Artigo 4º.-*Criterios de selección.*

Na selección das solicitudes do alumnado, aplicaranse os seguintes criterios prioritarios, segundo a orde que se detalla a continuación:

-Persoal directivo ou responsables dos centros residenciais de persoas dependentes. Inclúense as residencias de carácter mixto (atenden persoas dependentes e persoas con autonomía persoal).

-Persoal directivo ou responsables de centros de día.

-Persoal directivo ou responsables de centros residenciais de persoas con autonomía.

-Persoal directivo ou responsables de centros ocupacionais de atención a persoas con discapacidade.

Así mesmo, dentro dos criterios anteriores, priorizarase o persoal dependente dos centros públicos, así como o persoal dos centros con maior número de prazas autorizadas.

#### Artigo 5º.-*Desenvolvemento do curso.*

O curso terá carácter presencial e a distancia. É obligatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente.

#### 1. Duración, lugar, datas e horarios:

Duración: 120 horas, 60 presenciais e 60 a distancia en modalidade de teleformación.

Número de edicións: 5.

Os cursos desenvolveranse os venres, en horario de mañá e tarde, nas cidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense, entre os meses de decembro de 2009 e marzo de 2010.

Os datos relativos ao lugar, programa, datas e horarios de desenvolvemento de cada curso seranlle comunicados de forma individual ao alumnado seleccionado a través de correo electrónico.

Esta información, xunto coa relación do alumnado participante en cada edición, tamén estará dispoñible a partir do día 4 de decembro na seguinte páxina web: [www.xunta.es/conselleriadetraballoobenesar/discapacidade/formacion](http://www.xunta.es/conselleriadetraballoobenesar/discapacidade/formacion).

#### 2. Número de prazas: 125 (25 en cada edición).

#### Artigo 6º.-*Contidos.*

-Módulo 1: Dirección Técnica e Xestión Económica.

Os centros residenciais e os centros de día para persoas dependentes.

Recursos humanos.

Xestión económica e orzamentaria.

Fontes de financiamento.

-Módulo 2: equipos de traballo. Organización e motivación dos profesionais.

Organización e planificación da atención.

Delegación e responsabilidade.

A comunicación nos equipos e o tratamento de conflitos.

Motivación nos equipos de traballo.

Habilidades do traballo en equipo.

Creceamento persoal e profesional.

Demandas do persoal.

-Módulo 3: mellora na atención á persoa usuaria.

Funcións do persoal de dirección como responsable da atención.

Xestión do cambio para acadar o enfoque na xestión do usuario.

Principios básicos da atención ao usuario.

Xestión de queixas e reclamacións.

Implantación de boas prácticas.

-Módulo 4: sistemas de calidade. Implantación e xestión.

Metodoloxía para o deseño e a implementación dun sistema de xestión de calidade.

Xestión por procesos nos servizos sociais.

Control das prestacións do servizo.

Aspectos relacionados cos resultados da dirección.

-Módulo 5: adquisición de habilidades directivas.

A función directiva.

Mellora e potenciación das habilidades de lideralo.

Planificación e dirección de reunións.

Xestión e resolución de conflitos.

Xestión eficiente e produtiva do tempo.

-Módulo 6: riscos laborais. Prevención e intervención.

Introdución.

Seguridade laboral e hixiene industrial.

Medicina do traballo.

Ergonomía.

Factores psicosociais.

-Módulo 7: aspectos éticos e xurídicos. Sistema de atención á dependencia.

A bioética.

Alcance xurídico e legal.

Sistema de atención á dependencia.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria deberán efectuar a solicitude segundo o modelo que se recolle no anexo. O modelo de solici-

tude tamén estará dispoñible na seguinte páxina web [www.xunta.es/vicepresidencia/discapacidade/formacion](http://www.xunta.es/vicepresidencia/discapacidade/formacion).

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 30 de novembro de 2009.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse á Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal, Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Poderán presentarse a través dos seguintes medios: rexistros oficiais da Xunta de Galicia, por fax ao 981 54 56 91 ou por correo electrónico ao enderezo: [sxdiscapacidade@xunta.es](mailto:sxdiscapacidade@xunta.es).

Artigo 8º.-*Certificacións de asistencia.*

Outorgaráselle o correspondente diploma de asistencia ao alumnado que participe con regularidade no desenvolvemento dos cursos.

Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos, a Consellería de Traballo e Benestar poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

Así mesmo, o alumnado que supere todas as avaliacións accederá ao diploma universitario de aproveitamento de 120 horas, equivalente a 4,8 créditos de ECTS do Programa de posgrao en dependencia e xestión de servizos sociais.

É obrigatoria a asistencia e a puntualidade a todas sesións dos cursos. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo alumnado interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, en máis do 20% das horas lectivas presenciais programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida.

Artigo 9º.-*Modificacións.*

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender os cursos se non houberse un mínimo de alumnado, así como modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos anunciados coa finalidade de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a ese curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## ANEXO

PROCEDEMENTO CURSO DE DIRECCIÓN DE CENTROS XERONTOLÓXICOS E DE DISCAPACIDADE	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	-------------------------

<b>1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA</b>		
Denominación: Curso de dirección de centros xerontolóxicos e de persoas con discapacidade		
Resolución da convocatoria:	Nº de DOG:	Data de publicación:
Lugar de realización (marcar o que proceda) Santiago de Compostela <input type="checkbox"/> A Coruña <input type="checkbox"/> Lugo <input type="checkbox"/> Ourense <input type="checkbox"/> Vigo <input type="checkbox"/>		

<b>2.- SOLICITANTE</b>		
Nome e apelidos:		DNI:
Enderezo:		Localidade: Código postal:
Provincia:	Teléfono:	Correo electrónico:
Formación académica:	Posto de traballo:	

<b>3.- DATOS DO CENTRO</b>			
Tipoloxía: <input type="checkbox"/> residencia <input type="checkbox"/> centro de día <input type="checkbox"/> centro ocupacional	Titularidade: <input type="checkbox"/> pública <input type="checkbox"/> privada	Usuarios do centro: <input type="checkbox"/> maiores dependentes <input type="checkbox"/> maiores con autonomía <input type="checkbox"/> persoas con discapacidade dependentes <input type="checkbox"/> persoas con discapacidade con autonomía	Nº de rexistro, conforme o Decreto 143/2007
Nome do centro:			
Enderezo:	Localidade: Código postal:	Provincia:	

<b>4.- DECLARACIÓN SOLICITUDE</b>
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.  ----- de -----2009. Sinatura

Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal  
Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal  
Consellería de Traballo e Benestar.

Todos os datos consignados neste documento son de carácter confidencial e autorizo a Xunta de Galicia ao uso informatizado destes e a cedelos a terceiros coa finalidade de ser incluído en oferta de servizos formativos. En virtude do disposto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, ten dereito a exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose a nós unha carta por escrito. Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal (edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela). Axúdenos a conservar os nosos datos actualizados e comuníquenos calquera modificación que se produza nos seus datos persoais.